



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 03/09/2011.**

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.
- D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D. Xosé López Gudín.
- D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do día tres de setembro de dous mil once, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezoito de xuño do presente ano dous mil once. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO.- ACORDOS DE DESAFECTACIÓN E PERMUTA DUN TRAMO DE CAMIÑO PÚBLICO EN RAMISQUEIRAS, PARROQUIA DE LAMAS.**

Dase conta de que soamente queda pendente en relación co expediente de que se trata a rectificación do Inventario para recoller a desafectación e permuta de que se trata, e de que o asunto tiña que incluírse no punto cuarto da Orde do Día da presente sesión, polo que, a instancia do Sr. Alcalde, acórdase por unanimidade agrupar ámbolos dous asuntos neste punto da Orde do Día, suprimindo polo tanto o punto cuarto.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

A outra modificación necesaria do Inventario é para a inclusión dun pequeno tramo de camiño peonil no lugar de Agra de Arriba, da parroquia de San Sadurniño, que non se incluíra nese Inventario debido a un erro e que tras as investigacións realizadas ó respecto e a xuntanza mantida cos propietarios das fincas colindantes, acordouse incluír con ese carácter peonil, xa que non ten dimensións suficientes para o tráfico rodado. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda :

1º.- Modificar a inscrición no Inventario do camiño de Ramisqueiras como consecuencia da desafectación e permuta realizadas mediante os correspondentes acordos plenarios adoptados en relación con ese camiño.

2º.- Incluír no Inventario o camiño peonil existente en Agra de Arriba, segundo consta no expediente de investigación incoado polo Concello, debido a que a súa non inclusión debeuse a un erro involuntario.

3º.- Ordear a realización dos trámites necesarios para a plena efectividade dos presentes acordos de modificación do Inventario de Bens do Concello.

### TERCEIRO. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dase conta da necesidade de designar un vocal titular e un suplente para representar ó Concello na Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade, creada por Orde do 23 de maio de 2008, en cumprimento do solicitado desde a Presidencia da FEGAMP. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

A proposta do Sr. Alcalde, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda designar vocal titular para a representación deste Concello na Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade á concelleira da área de Medio Ambiente e Servizos, María Amparo Calvo González, e suplente ó Sr. Alcalde Presidente, Secundino García Casal.

### QUINTO. DETERMINACIÓN DAS FESTIVIDADES LABORAIS PARA 2012.

Dase conta polo Sr. Alcalde da necesidade de establecer coa brevidade posible as datas nas que se celebrarán as festividadeas laborais de carácter local no vindeiro ano 2012, e da proposta do grupo de goberno no sentido de manter as datas nas que se veñen celebrando tradicionalmente estas festas, é dicir, o martes de Entroido, que no 2012 cadrará no 21 de



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

febreiro, e o 2 de xullo, no que se conmemora Santa Isabel, aínda que se considera a posibilidade de propoñer outras datas cando esta última coincida en día non laborable, dentro duns anos. A cuestión non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda ratificar a proposta da Alcaldía, e establecer como festividade laboral de carácter local para o vindeiro ano 2012 os días 21 de febreiro, martes de Entroido, e 2 de xullo, Santa Isabel, e ordear a remisión dunha certificación do presente acordo, coa brevidade posible, á Consellería de Tráballo e Benestar Social.

#### SEXTO. MOCIÓN DO BNG PARA O CONTROL DAS ABUSIVAS COMISIÓNS BANCARIAS.

Dase conta da moción presentada polo BNG e incluída na Orde do Día da presente sesión plenaria, relativa ó control das comisións bancarias. O voceiro do grupo do BNG, Sr. Soto, resume brevemente o contido da moción de que se trata, cuxo tenor literal é o seguinte:

“As comisións que as entidades financeiras repercuten aos usuarios e usuarias experimentaron unha subida significativa en plena crise económica, de maneira especial ao longo dos últimos meses. Ao tempo que as entidades bancarias seguen acumulando beneficios, que ascenderon a 3.174 millóns de euros no primeiro trimestre deste ano, tamén se detectou un notábel crecemento das comisións bancarias. As estatísticas do Banco de España reflicten un incremento medio de todas as comisións bancarias, que mesmo se acentuou en só un mes (desde maio a xuño deste ano), con incrementos que van desde o 6 ao 14,28%, comisións por mantemento de contas correntes ou de aforro que se están estandarizando ao redor dos 30 euros anuais, gravando mesmo con cantidades adicionais a contas de saldos medios inferiores a 2.000 euros.

Tamén coincide esta subida coa restrición no acceso ao crédito para a maioría de persoas, de dificultades para obter financiamento tanto por parte de empresas, emprendedores como particulares.

A subida das comisións bancarias, no caso do mantemento de contas correntes ou de aforro, que deberían estar exentas, convértese en abusivas polo feito de poder dispor as entidades do diñeiro depositado e con iso xerarlles beneficios.

A aplicación de cláusulas abusivas e inxustas por parte das entidades financeiras non pode ser consentida de maneira indefinida. A afectación e as consecuencias negativas que supoñen para millóns de persoas a continuidade desas prácticas bancarias ilegais, confiren un interese público e social que obriga a que as institucións competentes, tanto o Goberno Central, que exerce a supervisión de todo o sector financeiro, como a Xunta de Galiza, á que lle corresponde dita supervisión no ámbito das caixas de aforro, encaren a situación e adopten medidas con carácter urxente en defensa do devandito interese



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte  
**ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza, e para que a súa vez inste, tamén, ao Goberno do Estado a:

1. Adoptar as medidas necesarias para impedir que mentres se manteña a situación de crise económica se produzan aumentos das comisións que aplican as entidades financeiras.
2. Realizar unha supervisión das comisións das entidades financeiras, establecendo límites máximos por cada comisión en función de parámetros obxectivos que teñan en conta o custo real do servizo prestado.
3. Obrigar ás entidades financeiras a ofrecer de forma transparente o importe das comisións polos distintos servizos.
4. Aprobar de forma inmediata as normas legais precisas para evitar que por parte das entidades financeiras se manteña o cobro abusivo en concepto de mantemento ou administración de contas correntes ou de aforro, e a obrigar á devolución das cantidades ingresadas en caso de persistir na dita práctica."

Esta moción non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

O Sr. Márquez interven para manifestar a súa conformidade coa proposta, porque tamén está en contra deste abuso dos bancos, xa aplicado desde hai anos e frecuentemente perxudicando ós máis humildes, e porque aínda que non se resolva nada, alomenos quedará constancia do rexeitamento desa actuación tan carente de ética e da solicitude de que se revise a lexislación sobre ese tema.

O Sr. López Loureiro maniféstase tamén de acordo co contido da moción.

O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que se trata dun tema importante, dunha petición que formula a Corporación en representación de tódolos veciños do Concello, para que a Xunta pida ó Estado unha modificación lexislativa, porque calar é ser cómplice da actitude vergoñenta dos bancos, que rin dos cidadáns.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda aprobar a referida moción do BNG.

#### **SÉTIMO. MOCIÓN DO BNG SOBRE DERROGACIÓN DA ORDE QUE REGULA OS PREZOS MEDIOS DE INMOBLES.**

Dase conta da moción presentada polo BNG e incluída na Orde do Día da presente sesión plenaria, sobre a Orde pola que se regulan os prezos medios no mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos. O voceiro do grupo do BNG, Sr. Soto, resume brevemente o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

"A Xunta de Galiza vén de publicar (DOG do 19 de agosto de 2011) a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de



determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

Os valores medios fixados para os bens inmóbeis nesa norma supoñen un incremento considerábel respecto do valor que se viña asignando polos propios servizos tributarios da Xunta de Galiza.

A aplicación da devandita norma como medio preferente para determinar o valor dos inmóbeis aos efectos do cálculo dos tributos xestionados pola Xunta de Galiza conlevará un aumento xeralizado e abusivo dos impostos que gravan as transmisións patrimoniais inter vivos ou mortis causa (sucesións e doazóns), unha situación que afectará negativamente á maioría dos veciños e veciñas do noso concello.

A subida media das taxacións dos inmóbeis que pretende aplicar a Xunta de Galiza, incluso de xeito retroactivo desde xaneiro de 2010, estímase entre un 25 e un 30 por 100, chegando nalgúns casos ao 65 por 100, como puxeron de manifesto desde que se difundiu o proxecto previo á publicación da Orde especialistas en xestión e asesoría tributaria, organizacións profesionais agrarias, ou mesmo representantes municipais.

En realidade estamos ante unha suba encuberta de impostos aplicada pola Xunta de Galiza, facendo uso dunha actualización de valores alonxada da realidade, dado que, debido á situación de crise económica é precisamente o mercado inmobiliario un dos máis afectados polo descenso continuado dos prezos ao longo dos últimos anos.

Alén diso, a aprobación desta norma demostra a nefasta xestión económica do Goberno Galego, incapaz de facer unha xestión realmente eficaz dos recursos públicos, e ao tempo, afanoso de botar man de mecanismos que implican un incremento desproporcionado de impostos sen importarlle a difícil conxuntura económica na que se atopan a maioría das persoas deste país.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

1.- Dirixirse ao Goberno Galego para que :

a) Derroque e deixe sen efecto a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

b) Aprobe unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmóbeis que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.

2.- Dar traslado deste Acordo ao Goberno Galego e máis aos Grupos Parlamentares con representación no Parlamento de Galiza."

Esta moción non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

O Sr. Márquez manifesta a súa conformidade co contido desta moción, indicando que se busca recadar de calquera xeito, ás veces a costa das clases medias e baixas, cando debería tratarse do contrario, de alixerar a carga fiscal sobre elas.

O Sr. López Loureiro interven para manifestar a disconformidade do seu grupo coa moción, defendendo a actuación da Xunta, xa que entenden que haberá que actuar no sentido de incrementar a presión fiscal para saír da crise.

O Sr. Soto di que hai tamén un incumprimento do programa electoral, xa que esta medida supón un aumento de impostos pola porta traseira, modificando as bases impositivas en lugar de aumentar os tipos, que é o que denuncia a moción.

O Sr. Alcalde fala de seguido para explicar que os gobernos de esquerdas están a favor dos impostos cando son progresivos, porque se precisan para financiar servizos públicos, pero que non se pode recadar de calquera maneira, sen actuar sobre a evasión fiscal e as grandes fortunas. Por isto o BNG está en contra da supresión do imposto sobre o patrimonio. Non hai que baixar os impostos nesta época de crise, o que hai que facer é mellorar a súa progresividade, que é o que non fai esta reforma, que se aprobou sen informar a ninguén e que supón nalgúns casos establecer prezos por enriba dos de mercado, sobre todo nas vivendas.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

#### OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. López Loureiro pregunta cal é actualmente normativa vixente en materia de distancias das plantacións forestais respecto ás edificacións, e se o Concello non podería actuar como mediador evitando denuncias en casos de discrepancias entre veciños por estas cuestións.

O Sr. Alcalde respóstalle que o asunto está regulado por unha norma autonómica de cumprimento xeral, que asigna algunhas competencias ós concellos, aínda que resulta en moitos casos difícil de cumprir debido á limitación de medios con que contan moitos deles, polo que habitualmente, como no caso de San Sadurniño, actúase soamente previa denuncia.

O Sr. López Loureiro prantexa a posibilidade de que se realicen funcións de mediación polo Concello sen necesidade de que se formule denuncia. O Sr. Alcalde di que co tempo o cumprimento da normativa vai extendéndose, pero que se trata soamente da cuestión da prevención de incendios, que o cumprimento polos concellos depende dos medios cos que se conta, que son insuficientes, e que existe ademáis o problema da execución subsidiaria e o cobro do custe desas posibles actuacións, que se complica cando os propietarios son moitos herdeiros nos casos das herdanzas. Aínda así, o Concello xa trata de mediar entre os propietarios cando se pode, e o nivel de cumprimento da normativa por parte dos veciños vai mellorando moito.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e dez minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,